

reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

6. Coñecerán do recurso de casación en interese da lei nos casos previstos na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.»

6. Suprímese o punto 2 do artigo 87.

7. Engádeselle un novo punto 4 ó artigo 90 coa seguinte redacción:

«Na vila de Madrid, con xurisdicción en toda España, haberá xulgados centrais do contencioso-administrativo que coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra disposicións e actos emanados de autoridades, organismos, órganos e entidades públicas con competencia en todo o territorio nacional, nos termos que a lei estableza.»

8. O artigo 91 queda redactado así:

«1. Os xulgados do contencioso-administrativo coñecerán, en primeira ou única instancia, dos recursos contencioso-administrativos contra actos que expresamente lles atribúa a lei.

2. Correspóndelles tamén ós xulgados do contencioso-administrativo autorizar, mediante auto, a entrada nos domicilios e nos restantes edificios ou lugares ós que para acceder se requira o consentimento do titular, cando iso proceda para a execución forzosa de actos da Administración.»

9. O artigo 152.2.1.º, parágrafo primeiro, redáctase nos seguintes termos:

«Aproba-las normas de reparto de asuntos entre as salas do tribunal e entre as seccións das audiencias provinciais e xulgados da mesma orde xurisdiccional, con sede na comunidade autónoma correspondente.»

10. O artigo 160.9 queda redactado da seguinte forma:

«Determina-lo reparto de asuntos entre as salas do tribunal da mesma orde xurisdiccional e entre as seccións destas de acordo coas normas aprobadas pola Sala de Goberno.»

#### Disposición transitoria única.

1. Entrementes non se cubra a totalidade da planta de órganos unipersonais do contencioso-administrativo establecida na Lei de demarcación e de planta xudicial, nos concursos para a provisión das ditas prazas xudiciais, en defecto dos candidatos a que se refire o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 329 da Lei orgánica do poder xudicial, considerárase mérito preferente ter desempeñado comisións de servizo nesta orde xurisdiccional, sempre que a Sala de Goberno correspondente emita informe favorable e en atención á duración das comisións, ou acredita-la asistencia a cursos de especialización homologados polo Consello Xeral do Poder Xudicial nas materias propias da orde contencioso-administrativa.

2. As salas do contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza poderán constituírse cun só maxistrado para coñecer dos procesos que, atribuídos por esta lei ós xulgados do contencioso-administrativo, estean pendentes perante as ditas salas no momento da entrada en vigor da lei.

#### Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que se opoñan á presente lei orgánica.

#### Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor ós cinco meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**16713** LEI 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de comunicacións en xeral e, en particular, os postais, constitúen un elemento básico para o desenvolvemento económico, dinamizan os demais sectores productivos da economía do país e son xeradores indirectos de riqueza e de emprego. Son, ademais, un elemento clave para a cohesión social, para o incremento da competitividade das empresas e para o desenvolvemento do comercio en España.

Xustifica especialmente a regulación do sector postal a necesidade de recoñecemento explícito do dereito de todos a acceder ás comunicacións postais a un prezo asequible.

Inicialmente, partiuse no noso país da existencia dun monopolio por parte do Estado, para a prestación do servizo de correos. Esta idea foi cedendo a impulsos da realidade. Non obstante, o cambio de criterio só se traduciu en disposicións normativas parciais e asistemáticas. En moitos casos, esas disposicións nin sequera tiveron o rango suficiente. A normativa aplicable ó sector postal español atópase dispersa hoxe nun gran número de disposicións.

O marco que, durante moito tempo, serviu para regular a actividade postal en España foi a Ordenanza postal do 19 de maio de 1960. Non obstante, despois desa data, a realidade cambiou extraordinariamente.

Cómpre, pois, establecer unha regulación sistemática na que se determine o réxime ó que se debe acolle-la prestación do servizo postal universal, se garanta o dereito ás comunicacións postais de tódolos cidadáns e empresas, e se recoñeza o ámbito do sector postal que se encontra liberalizado, fixando as regras básicas que permitan a libre concorrencia. A lei achégalles seguridade xurídica ós que concorren nun mercado en réxime de libre competencia que, ata o de agora, carecía dunha regulación substantiva que determinase con claridade o contorno dos seus dereitos e obrigas.

A aprobación polo Parlamento Europeo e polo Consello, o 15 de decembro de 1997, da Directiva

97/67/CE, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais na Comunidade e a mellora da calidade do servizo, inspira a nova regulación postal en España.

A lei apróbase con fundamento na competencia exclusiva que ó Estado lle recoñece o artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, en materia de correos.

En desenvolvemento da Directiva Comunitaria 97/67/CE, antes mencionada, esta lei pretende garantir: a) o establecemento dun marco xurídico que recolla os dereitos e obrigas de usuarios e operadores (Título I); b) un ámbito liberalizado de actuación dos operadores postais, prevéndose o réxime de libre concorrencia respecto dunha parte moi importante do sector, en harmonía co artigo 38 da Constitución (Título II), e c) a regulación do servizo postal universal que a todos corresponde a un prezo asequible e, particularmente, a determinación dun réxime de reserva en favor do operador ó que se lle encomenda a prestación daquel, de acordo cun sistema de tarifas (Título III).

Dentro da actividade que desenvolven os operadores postais, establécese un ámbito de liberalización no que os prezos se fixarán consonte o xogo da oferta e a demanda. Por outra banda, o réxime de prezos que se prevé pola prestación do servizo universal non reservado ó operador ó que se lle encomenda levar a cabo este, garante suficientemente os dereitos dos usuarios do servizo postal. A fixación, en sede legal, dos parámetros básicos para a determinación das tarifas que percibirá o citado operador pola realización dos servizos reservados, outórgalles unha garantía adicional ós referidos usuarios.

Asemade, a lei regula a Administración postal (Título IV) establecendo as competencias do Estado e determinando as funcións do Goberno e do Ministerio de Fomento. Así mesmo, créase o Consello Asesor Postal como máximo órgano asesor do Goberno en materia de servizos postais.

Igualmente, recóllese un réxime de inspección e outro de infraccións e sancións (Título V) máis adaptado ó teor do artigo 25.1 da Constitución có que lle precedeu, tomando en consideración a última xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Permítese a adopción de medidas provisionais para asegurar, no procedemento sancionador, a eficacia da resolución que no seu día se dicte.

O texto da lei conclúe con cinco disposicións adicionais, seis transitorias, unha derogatoria e catro derradeiras. En especial, a disposición adicional primeira encoméndalle a prestación do servizo postal universal á entidade pública empresarial Correos e Telégrafos, sen prexuízo de que, no ámbito non reservado en exclusiva á actuación desta, caiba a concorrencia doutros operadores.

En definitiva, cunha vontade decidida de clarificalo ámbito liberalizado e de conxugar esta pretensión cun específico réxime para o operador encargado da prestación do servizo postal universal, en función das súas concretas necesidades e da obriga que a este se lle encomenda e con abeiro no marco normativo comunitario, establécese unha regulación básica e unitaria do sector postal en España.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei e natureza dos servizos postais.*

1. O obxecto desta lei é regula-los servizos postais co fin de garanti-la prestación do servizo postal universal

a tódolos cidadáns, satisfaca-las necesidades de comunicación postal en España e asegurar un ámbito de libre competencia no sector.

2. Os servizos postais son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de competencia. Só teñen a consideración de servizo público ou están sometidos a obrigas de servizo público os servizos regulados no título III.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación e exclusións.*

1. Rexeranse polo disposto nesta lei os seguintes servizos postais:

a) Os de recollida, admisión, clasificación, tratamento, curso, transporte, distribución e entrega dos envíos postais. Son envíos postais aqueles que inclúan obxectos cunhas especificacións físicas e técnicas que permitan o seu tráfico, polo menos, a través da rede postal pública.

b) Os financeiros, constituídos polas distintas modalidades de xiro mediante os cales se ordenan pagamentos a persoas físicas ou xurídicas por conta e encargo doutras, a través da rede postal pública.

c) Calquera outro servizo que, tendo natureza análoga ós anteriores, sexa expresamente determinado como servizo postal polo Goberno, en execución de acordos internacionais que obriguen a España.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os servizos realizados en réxime de autoprestación.

Para os efectos do parágrafo anterior, enténdese que existe réxime de autoprestación cando na orixe e no destino dos envíos de correspondencia se encontre a mesma persoa física ou xurídica e esta realice o servizo por si mesma ou valéndose dun suxeito que actúe, en exclusiva, para ela, utilizando medios distintos dos do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal. En ningún caso, mediante a autoprestación, poderán perturbarse os servizos reservados ós que se refire o artigo 18.

Artigo 3. *Segredo e intervención das comunicacións postais.*

1. Na prestación dos servizos postais, os operadores deberán garanti-lo segredo das comunicacións, de conformidade co artigo 18.3 da Constitución, e o cumprimento do establecido no artigo 55.2 desta e no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal.

2. Os operadores que presten servizos postais non poderán facilitar ningún dato relativo á existencia do envío postal, á súa clase, ás súas circunstancias exteriores, á identidade do remitente e do destinatario nin ós seus enderezos. Aplicarase, de se-lo caso, o previsto na Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

Artigo 4. *Clasificación.*

1. Os servizos postais, en función das condicións esixibles na súa prestación, clasifícanse nas seguintes categorías:

A) Servizos incluídos no ámbito do servizo postal universal. Dentro deles, pola súa vez, distínguense entre:

a) Servicios reservados ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

b) Servicios non reservados ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

O operador postal ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal recibe, por iso, as contraprestacións correspondentes, de acordo co disposto no capítulo IV do título III.

B) Servicios non incluídos no ámbito do servizo postal universal.

2. Os servizos ós que se refire a letra A) do número anterior prestaranse conforme o disposto no título III. Os servizos indicados na letra B) do número anterior prestaranse en réxime de libre competencia, de acordo co establecido no título II.

#### Artigo 5. *Resolución de controversias.*

1. Os operadores postais e os usuarios poderán somete-las controversias que xurdan, en relación coa prestación dos servizos postais, ó coñecemento das xuntas arbitrais de consumo, consonte a Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.

2. Cando se susciten controversias entre os operadores dos servizos postais e os usuarios que non se sometesen ás xuntas arbitrais, será competente para resolvelas o órgano do Ministerio de Fomento que regulamentariamente se determine. A norma regulamentaria establecerá, así mesmo, os requisitos para a formulación da queixa polo usuario e o procedemento que se deberá seguir para a súa tramitación, que estará baseado nos principios de celeridade e gratuidade. A resolución que se dicte, poderá impugnarse perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

3. Corresponderalle ó órgano do Ministerio de Fomento que se determine regulamentariamente a resolución das controversias que xurdan entre o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal e outros operadores postais que leven a cabo servizos incluídos no ámbito daquel, en relación coa existencia ou non dos dereitos exclusivos, a suficiencia ou insuficiencia das garantías ofrecidas ós usuarios e a posibilidade de acceso á rede postal pública. Igualmente, o citado órgano resolverá sobre a eventual produción de danos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal, derivados da actuación doutros operadores. A resolución que se dicte nestes supostos poderá impugnarse en vía contencioso-administrativa.

4. Regulamentariamente, determinarase a responsabilidade na que incorrerán os operadores postais, en caso de destrución ou extravío dos envíos ou de incumprimento das condicións de prestación dos servizos, recoñecendo a calquera usuario, se proceder, o dereito a obter a oportuna indemnización.

#### Artigo 6. *Principios aplicables.*

A prestación de servizos postais a terceiros, lévese a cabo ou non en réxime de libre competencia, realizarase de acordo cos principios de obxectividade, transparencia, neutralidade e non-discriminación e garantindo, en todo caso, o cumprimento das obrigas do operador ó que se lle encomenda levar a cabo o servizo universal, de acordo co disposto no título III.

## TÍTULO II

### A prestación de servizos postais en réxime de libre competencia

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 7. *Títulos habilitantes.*

Para a prestación de servizos postais requírirase a previa obtención do correspondente título habilitante que, segundo o tipo de servizo que se pretenda prestar, pode consistir nunha autorización administrativa xeral ou nunha autorización administrativa singular, tal e como se establece neste título.

#### Artigo 8. *Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

Créase, no Ministerio de Fomento, o Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais. Este rexistro será de carácter público e a súa regulación farase por real decreto. Nel deberán inscribirse os datos relativos ós beneficiarios de autorizacións xerais e de autorizacións administrativas singulares e as súas alteracións.

En todo caso, a inscrición no citado rexistro será previa e necesaria para a prestación do servizo correspondente, sen prexuízo do sinalado no número 2 do artigo 10.

#### CAPÍTULO II

##### Autorizacións administrativas xerais

#### Artigo 9. *Ámbito e condicións das autorizacións xerais.*

1. Requirirase autorización xeral para a prestación de servizos postais que non precisen outro tipo de autorización administrativa, de acordo co establecido no artigo 11, por non estaren incluídos no ámbito do servizo postal universal.

2. O outorgamento das autorizacións xerais realizarase con carácter regrado e de xeito automático, sempre que o interesado asuma a obriga de cumprilos requisitos esenciais para a prestación do servizo postal. Este deberá comprometerse igualmente ó pleno acatamento das disposicións que regulan os citados requisitos esenciais, previstas na normativa sectorial e de desenvolvemento desta lei.

3. Considéranse, para efectos desta lei, requisitos esenciais para a prestación do servizo postal, o respecto, conforme o artigo 18.3 da Constitución española, ó dereito á inviolabilidade da correspondencia, a obriga de protección dos datos e os establecidos pola normativa sectorial sobre seguridade do funcionamento da rede en materia de transporte de substancias perigosas, protección do ambiente e ordenación territorial.

A obriga de protección dos datos incluírá o deber de segredo dos de carácter persoal, a confidencialidade da información transmitida ou almacenada e a protección da intimidade.

Para estes efectos, a tódolos envíos que, por calquera causa, non poidan, unha vez esgotadas tódalas posibilidades para o efecto, ser entregados ó destinatario ou reexpedidos ó remitente, aplicaráselle-las normas que regulamentariamente garantan as formalidades que se

deben seguir e os requisitos que se deben observar para verifica-la súa procedencia ou destino e, de se-lo caso, as que establezan as condicións para a súa reclamación, para o seu depósito e para a súa eventual destrución polo operador.

**Artigo 10. *Procedemento para a obtención das autorizacións xerais.***

1. Os interesados en prestaren un servizo postal non incluído no ámbito do servizo postal universal, deberánllo comunicar ó Ministerio de Fomento, someténdose, expresamente, ás condicións ás que se refire o artigo anterior e presentando toda a información necesaria para delimitar claramente o servizo correspondente.

2. Os datos relativos ó titular da autorización xeral faranse constar no Rexistro Xeral ó que se refire o artigo 8. Non poderá comezarse a prestación do servizo ata o momento en que se practique de oficio a correspondente inscrición, no prazo de tres meses desde a recepción da comunicación. Na falta de inscrición rexistral no prazo sinalado, o interesado poderá comeza-la prestación do servizo. O certificado de inscrición rexistral acreditará a existencia da autorización xeral.

3. Para os efectos desta lei e para a prestación de servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal, terá valor equivalente á inscrición no rexistro ó que se refire o artigo 8, a inscrición no regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, sempre que o interesado presente na Secretaría Xeral de Comunicacións a certificación rexistral de inscrición nel e sen prexuízo de que esta poida solicitarlle datos complementarios.

### CAPÍTULO III

#### **Autorizacións administrativas singulares**

**Artigo 11. *Ámbito das autorizacións administrativas singulares.***

Requirirase autorización administrativa singular para a prestación dos servizos postais incluídos, conforme o artigo 15.2, no ámbito do servizo postal universal e non reservados, consonte o establecido no título III, ó operador ó que se lle encomenda a súa realización.

**Artigo 12. *Condicións que se lles poden impor ós titulares de autorizacións administrativas singulares.***

As autorizacións administrativas singulares outórganse con carácter regrado, unha vez que o solicitante acredite o cumprimento dos requisitos esixibles para a prestación do servizo postal e a asunción das condicións ás que se refire o artigo 9 e daqueloutras de contido non económico que poidan establecerse por orde do Ministerio de Fomento. Estas últimas condicións poderanse esixir, exclusivamente, por motivos de interese xeral.

Igualmente, o solicitante deberá asumi-lo cumprimento das seguintes obrigas:

a) As de servizo público que, consonte o establecido no artigo 22, lle sexan esixibles.

b) As propias do servizo postal universal que asuma voluntariamente e que deberán figurar nas ofertas dos servizos que dirixa ós usuarios.

c) A de non perturbar, na prestación dos servizos, os dereitos especiais ou exclusivos e o réxime de reserva establecido en beneficio do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

**Artigo 13. *Procedemento de outorgamento das autorizacións administrativas singulares.***

1. Os interesados en levaren a cabo un servizo postal incluído no ámbito do servizo postal universal, pero non reservado ó operador ó que se lle encomenda a prestación daquel, dirixirán as súas solicitudes, coa documentación esixible, ó Ministerio de Fomento. Na solicitude, os interesados deberán facer constar-lo seu compromiso de asumiren o cumprimento das condicións ás que se refire o artigo anterior e acreditaren o pagamento das taxas para o financiamento do servizo postal universal.

2. As solicitudes deberán conte-los datos sinalados no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e tramitaranse de acordo co procedemento para o outorgamento de autorizacións administrativas, establecido na dita lei e nas súas normas de desenvolvemento.

3. Transcorrido o prazo de tres meses sen recaer resolución expresa, poderá entenderse estimada a solicitude.

4. Inscibiranse, de oficio ou por instancia de parte segundo proceda, os datos relativos ás autorizacións administrativas singulares outorgadas por acto expreso ou presunto, no rexistro ó que se refire o artigo 8 desta lei.

### TÍTULO III

#### **Obrigas de servizo público: o servizo postal universal e outros dereitos e obrigas de carácter público na prestación dos servizos postais**

#### CAPÍTULO I

##### **Delimitación das obrigas de servizo público**

**Artigo 14. *Delimitación das obrigas de servizo público.***

1. Os prestadores de servizos postais para os que se requira autorización administrativa singular, de conformidade co disposto no título II desta lei, e o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal estarán suxeitos ás obrigas de servizo público, de acordo co establecido neste título.

2. O cumprimento das obrigas de servizo público na prestación dos servizos postais para os que aquelas sexan esixibles, efectuarase de acordo co disposto neste título. En todo caso, correspóndelle ó Ministerio de Fomento controla-lo cumprimento das citadas obrigas.

3. Para efectos do disposto nesta lei, establécense as seguintes categorías de obrigas de servizo público:

a) Obrigas de prestación do servizo postal universal que terá as contraprestacións establecidas no capítulo IV deste título.

b) Outras obrigas de servizo público impostas por razóns de interese xeral nos termos do disposto no capítulo III deste título.

#### CAPÍTULO II

##### **Servizo postal universal**

**Artigo 15. *Concepto e ámbito do servizo postal universal.***

1. Enténdese por servizo universal o conxunto de servizos postais de calidade determinada na lei e os

seus regulamentos de desenvolvemento, prestados de forma permanente en todo o territorio nacional e a prezo asequible para tódolos usuarios.

2. Inclúense no ámbito do servizo postal universal os seguintes servizos, a prestación dos cales deberá garantirse na forma que se determine regulamentariamente:

A) Servizo de xiro.

B) A prestación ordinaria de servizos postais nacionais e transfronteirizos para envíos postais que incorporen un enderezo indicado polo remitente sobre o propio obxecto ou sobre a súa embalaxe, podendo tratarse de:

a) Cartas e tarxetas postais que conteñan comunicacións escritas en calquera tipo de soporte, de ata 2 kg de peso.

b) Paquetes postais, con ou sen valor comercial, de ata 10 kg de peso.

3. Os envíos nacionais e transfronteirizos de publicidade directa, de libros, de catálogos, de publicacións periódicas e os restantes, a circulación dos cales non estea prohibida, serán admitidos para a súa remisión en réxime de servizo postal universal, sempre que esta se leve a cabo consonte a algunha das modalidades previstas neste número.

Enténdese por envío de publicidade directa, para efectos desta lei, aquel no que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que estea formado por calquera comunicación que consista unicamente en anuncios, estudos de mercado ou publicidade,

b) Que conteña unha mensaxe similar, aínda que o nome, o enderezo e o número de identificación que se lles asigne ós seus destinatarios sexan distintos en cada caso,

c) Que se remita a un número significativo de destinatarios.

d) Que se dirixa ó enderezo indicado polo remitente no obxecto mesmo ou na súa envoltura,

e) Que a súa distribución se efectúe en sobre aberto, para facilita-la inspección postal.

Os recibos, as facturas, os estados financeiros e outras mensaxes non idénticas non terán a consideración de publicidade directa. Tampoco terán este carácter as comunicacións que xunto coa publicidade directa inclúan outros obxectos dentro da mesma envoltura.

4. O servizo postal universal incluírá, igualmente, a prestación de servizos accesorios de certificado e de valor declarado. Os servizos de certificado e de valor declarado permiten, nos envíos postais a que se refire o número anterior, outorgar unha maior protección ó usuario fronte ós riscos de deterioración, roubo ou perda, mediante o pagamento ó operador dunha cantidade pre-determinada a prezo fixado, no primeiro caso, ou dunha cantidade proporcional ó valor que unilateralmente lles atribúa o remitente, no segundo.

5. Cada servizo integrado no servizo postal universal incluírá, polo menos, as seguintes prestacións:

a) A recollida, admisión, clasificación, tratamentos, curso, transporte, distribución e entrega de cartas e tarxetas postais de ata 2 kg de peso.

b) A recollida, admisión, clasificación, tratamento, curso, transporte, distribución e entrega dos paquetes postais cun peso que non exceda de 10 kg.

c) Os servizos de envío certificado e os envíos con valor declarado, accesorios dos establecidos nas letras a) e b) deste número.

6. O Goberno, mediante real decreto, poderá modificar, logo do informe do Consello Asesor Postal, a delimitación do servizo postal universal, en función da evolución tecnolóxica, da demanda de servizos no mercado, das necesidades dos usuarios ou por consideracións de política social, de acordo cos límites fixados na normativa comunitaria que sexa de aplicación.

*Artigo 16. Condicións esixibles na realización do servizo postal universal ó operador ó que se lle encomenda a súa prestación.*

1. O operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá cumprir, na prestación dos servizos incluídos no ámbito daquel, ademais das obrigas ás que se refire o artigo 12, os compromisos respecto da admisión e entrega dos envíos que se sinalan nos números 2 e 3 deste artigo.

2. A admisión polo operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal dos envíos que se leven a cabo no ámbito deste, suxeitarase ás seguintes condicións:

a) Non poderá denegarse a entrega que se efectúe mediante depósito dos envíos na forma que regulamentariamente se determine, sempre que se satisfaga a tarifa ou o prezo correspondente.

b) Os envíos postais, entremetres non cheguen ó seu destinatario, son propiedade do remitente, que poderá, mediante o pagamento da recarga correspondente, recuperalos ou modifica-lo enderezo postal sinalado para o destino, sempre que as operacións necesarias para a súa localización non perturben a normal prestación do servizo postal universal.

c) As dimensións máximas e mínimas dos envíos postais admisibles na rede pública postal serán as establecidas nas normas que incorporen ó Dereito español as aprobadas pola Unión Postal Universal.

d) En ningún caso poderán formar parte de envíos postais os obxectos o tráfico dos cales sexa constitutivo de delito ou estea prohibido, conforme a normativa vixente.

3. Respecto da entrega dos envíos que se realicen dentro do servizo postal universal, o operador ó que se lle encomenda a súa prestación deberá cumprilas seguintes condicións:

a) Realizarse no enderezo postal sinalado na cuberta, salvo no caso de concorreren as circunstancias excepcionais que regulamentariamente se determinen, consonte o previsto na Directiva 97/67/CE. Enténdese por enderezo, para efectos postais, a identificación dos destinatarios polo seu nome e apelidos, se son persoas físicas ou pola súa denominación ou razón social se se trata de persoas xurídicas, así como os datos dun domicilio ou os datos que regulamentariamente se prevexan para a entrega dos envíos nas oficinas da rede pública postal.

Os envíos postais que deban ser entregados nun domicilio poderán ser depositados nos compartimentos instalados para o efecto, nas condicións previstas regulamentariamente. Entre estas condicións poderán fixarse as relativas á forma en que deba realizarse a reserva dun deles, en cada domicilio postal, para as devolucións ó operador que teña encomendada a prestación do servizo postal universal.

b) Os envíos entregaráselle ó destinatario ou á persoa que este autorice ou serán depositados nos compartimentos postais ou nas caixas de correo domiciliarias, individuais ou colectivas. Entenderanse autorizados polo destinatario para recibirlos envíos, de non constar prohibición expresa, as persoas maiores de idade presentes no seu domicilio que sexan familiares seus ou manteñan con el unha relación de dependencia.

4. En calquera caso, o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá respectar, na prestación dos servizos incluídos no ámbito daquel, os seguintes principios:

a) Ofrecerlles ós usuarios e clientes que estean en condicións comparables o mesmo tratamento e prestacións idénticas.

b) Presta-lo servizo sen discriminación de ningún tipo entre os usuarios que se encontren en condicións análogas.

c) Non interromper nin suspende-lo servizo, agás en casos de forza maior.

d) Adaptarse ás esixencias técnicas, económicas e sociais.

**Artigo 17. Obrigas do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal na realización deste.**

1. O operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá levalo a cabo de acordo coas normas de calidade previstas para o efecto, de conformidade co disposto neste artigo.

2. O Goberno fixará, mediante real decreto, os parámetros de calidade para a prestación do servizo postal universal. Estes parámetros, que poderán actualizarse e revisarse periodicamente, referiranse, especialmente, á extensión da rede, ás facilidades de acceso, ás normas de distribución e entrega, ós prazos para o curso da correspondencia, á regularidade e á fiabilidade dos servizos. En todo caso, esixirase, polo menos, unha recollida nos puntos de acceso que se determinen e unha entrega no enderezo postal de cada persoa física ou xurídica, tódolos días laborables e, como mínimo, cinco días á semana, respectando o sinalado no número 3.a) do artigo anterior. No dito real decreto estableceranse as consecuencias do incumprimento dos parámetros de calidade, para efectos do disposto no artigo 26.1.

3. Terán valor equivalente ós parámetros fixados polo Goberno, as normas aprobadas no ámbito da Unión Europea para os servizos transfronteirizos intracomunitarios.

4. Así mesmo, o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá informalos usuarios das características dos servizos incluídos no seu ámbito e, en particular, das condicións de acceso, os prezos, o nivel de calidade, as garantías esixibles, o procedemento para as reclamacións e as normas técnicas sobre a materia que fosen publicadas no «Diario Oficial das Comunidades Europeas». Por orde do Ministerio de Fomento establecerase o contido mínimo deste dereito de información.

**Artigo 18. Servizos reservados ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.**

1. Quedarán reservados, con carácter exclusivo, ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo

postal universal, ó abeiro do artigo 128.2 da Constitución e nos termos establecidos no capítulo seguinte, os seguintes servizos incluídos no ámbito daquel:

A) O servizo de xiro.

B) A recollida, a admisión, a clasificación, a entrega, o tratamento, o curso, o transporte e a distribución dos envíos interurbanos, certificados ou non, das cartas e das tarxetas postais, sempre que o seu peso sexa igual ou inferior a 350 gramos, para que calquera outro operador poida realizar este tipo de actividades, respecto dos obxectos que integren envíos interurbanos, o prezo que deberán de esixirles ós usuarios deberá ser, polo menos, cinco veces superior ó total da tarifa pública correspondente para os envíos ordinarios de obxectos da primeira escala de peso da categoría normalizada máis rápida.

Os envíos nacionais ou transfronteirizos de publicidade directa, de libros, de catálogos e de publicacións periódicas, sen prexuízo do establecido no artigo 15.2.B), non formarán parte dos servizos reservados.

C) O servizo postal transfronteirizo de entrada e de saída de cartas e tarxetas postais, cos límites de peso e prezo establecidos na letra B). Enténdese por servizo postal transfronteirizo, para os efectos desta lei, o procedente doutros Estados ou o destinado a estes.

D) A recepción, como servizo postal, das solicitudes, dos escritos e das comunicacións que os cidadáns dirixan ós órganos das administracións públicas, conforme o artigo 38.4.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A relación de servizos reservados, determinada no punto anterior, será revisada polo Goberno para adaptala ás esixencias do proceso liberalizador, contidas na Directiva 97/67/CE, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais na Comunidade e a mellora da calidade do servizo, nos prazos que esta prevé para a harmonización do réxime de reserva.

**Artigo 19. Dereitos especiais e exclusivos atribuídos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.**

1. Para garanti-la prestación do servizo postal universal outórganselle ó operador que presta tal servizo os seguintes dereitos especiais:

a) A condición de beneficiario no procedemento da expropiación forzosa por causa de utilidade pública, que se suxeitará ó trámite especial de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, para a realización de tódalas obras e instalacións necesarias para a prestación do servizo postal universal, correspondentes a proxectos debidamente autorizados.

b) A exención de cantos tributos graven a súa actividade vinculada ós servizos reservados.

c) O dereito a entregar notificacións de órganos administrativos e xudiciais, con constancia fidedigna na súa recepción, sen prexuízo da aplicación, ós distintos supostos de notificación, do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os demais operadores poderán realizar este tipo de notificacións no ámbito non reservado e os seus efectos rexeranse polas normas do dereito privado.

Regulamentariamente, estableceranse as condicións das devanditas entregas, así como a obriga de realízalas por parte do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

d) As entidades que xestionen a rede de ferrocarrís e os portos e aeroportos nacionais deberán ceder espazos destinados ás actividades de encamiñamento dos envíos postais incluídos no servizo postal universal e reservados ó operador ó que se lle encomenda a súa prestación.

2. Así mesmo, para garanti-la prestación do servizo postal universal, outórganselle ó operador que preste tal servizo os seguintes dereitos exclusivos:

a) O dereito ó establecemento de apartados postais destinados á entrega de correspondencia, sempre que non incorporen servizos liberalizados, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) A preferencia de despacho no control alfandegario dos envíos incluídos no ámbito do servizo postal universal.

c) A distribución dos selos de correos ou outros medios de franqueo ós que se refire a letra seguinte deste número, podendo realizarse a venda ó retalho, a través da rede postal pública ou a través de terceiros, nos termos que se determinen regulamentariamente.

d) O dereito á utilización exclusiva da denominación «Correos», do termo «España» ou de calquera outro signo que identifique o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal ou o carácter dos servizos que, dentro do seu ámbito, este preste. Regulamentariamente, desenvolverase o citado réxime de exclusiva.

#### Artigo 20. *Planificación do servizo postal universal.*

1. A prestación do servizo postal universal realizarase de conformidade coas previsións legalmente establecidas e as que determine o Goberno no Plan de prestación do servizo postal universal.

En todo caso, o Plan deberá incluír, entre outros extremos, o procedemento para a avaliación do custo do servizo postal universal e a súa forma de financiamento e os criterios que haberá que ter en conta para determina-la contribución a ela do Estado, de acordo co que se determina no artigo 28.

Ademais, o Plan tomará en consideración o Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, ó que se refire o artigo 26, e ó seu sostemento contribuirán os distintos operadores, de acordo con criterios equitativos e de racionalidade.

2. O Plan de prestación do servizo postal universal deberá conte-las previsións sobre o seu financiamento a que se refire o parágrafo segundo do número anterior. Estas mesmas previsións deberán incluírse no contrato-programa que se celebrará, por sucesivos períodos quinquenais, entre o Estado e o operador ó que se lle encomenda a prestación do dito servizo e no que se determinarán os dereitos e as obrigas atribuídos ás partes.

#### Artigo 21. *Responsabilidade na prestación do servizo postal universal.*

1. O operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal responderá economicamente, salvo caso de forza maior, da adecuada prestación dos servizos que o integran, cando os envíos se entreguen en réxime de certificado ou de valor declarado.

2. O Goberno fixará a contía máxima da indemnización pola perda ou deterioración dos envíos certificados, así como as cantidades mínimas e máximas nas que poderán asegurarse os envíos en réxime de valor declarado.

### CAPÍTULO III

#### Outras obrigas e dereitos de carácter público na prestación dos servizos postais

##### Artigo 22. *Outras obrigas de servizo público.*

O Goberno poderalle impor, regulamentariamente, ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal outras obrigas de servizo público distintas das establecidas no capítulo II deste título para garanti-la adecuada prestación do servizo postal universal, e cando así o esixan razóns de interese xeral, cohesión social ou territorial, mellora da calidade da educación e protección civil ou cando sexa necesario para salvagarda-lo normal desenvolvemento dos procesos electorais, de conformidade co disposto na normativa que regula o réxime electoral xeral. Igualmente, por regulamento, poderalle impor ó citado operador e ós operadores que presten servizos postais, ó abeiro dunha autorización administrativa singular, obrigas de servizo público en circunstancias extraordinarias para garanti-la seguridade pública ou a defensa nacional.

##### Artigo 23. *Rede postal pública.*

1. Sen prexuízo da titularidade patrimonial dos bens que integran a rede postal pública, o dereito a xestionala correspóndelle ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal. Este dereito de xestión da rede postal pública exercerase separando contablemente os ingresos e gastos que xere a prestación do servizo postal universal dos demais ingresos e gastos que se produzan.

2. Para estes efectos enténdese por rede postal pública o conxunto dos medios de toda orde, empregados polo operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal, que permiten:

a) A recollida, a admisión e a clasificación dos envíos postais amparados por unha obriga de servizo universal, a partir dos puntos de acceso en todo o territorio do Estado.

b) O tratamento, o curso e o transporte destes envíos desde o punto de acceso á rede postal ata o centro de distribución, e

c) A distribución e a entrega no enderezo indicado no envío.

3. Os bens integrantes da rede postal pública terán a consideración de afectos, pola Administración, ó servizo postal universal e deberán ser obxecto de mantemento e conservación, de acordo coa normativa vixente.

4. Así mesmo, atribúeselle ó operador, ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal para o establecemento da rede postal pública, o dereito á ocupación do dominio público, mediante a instalación de caixas de correo destinadas a deposita-los envíos postais, coa autorización previa do órgano competente da Administración titular daquel. Os titulares do dominio público non poderán, para estes efectos, darlle un trato

discriminatorio ó operador citado, respecto do outorgado a outros operadores.

5. Garántese o acceso á rede postal pública a todos os usuarios e, de se-lo caso, ós operadores postais ós que se lles imponhan obrigas de servizo universal, en condicións de transparencia, obxectividade e non-discriminación.

Os operadores postais distintos dos referidos no parágrafo anterior deberán negociar co operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal as condicións de acceso á rede postal pública, de conformidade cos principios de transparencia, non-discriminación e obxectividade.

## CAPÍTULO IV

### **Contraprestacións pola carga financeira derivada das obrigas de prestación do servizo postal universal**

*Artigo 24. Dereitos recoñecidos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal en compensación pola carga financeira da derivada.*

1. Para o mantemento do servizo postal universal e nos termos establecidos neste capítulo outórganselle ó operador ó que se lle encomenda a súa prestación os seguintes dereitos:

- a) A realización dos servizos reservados que se determinan no artigo 18.
- b) O financiamento, mediante o Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, das cargas financeiras derivadas da prestación deste.

2. Así mesmo, sen prexuízo do disposto no punto 1 deste artigo, tal operador disporá dos dereitos especiais e exclusivos que se determinan no artigo 19.

*Artigo 25. Atribución da realización de servizos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.*

De acordo co disposto no punto 1 do artigo anterior, atribúeselle, inicialmente, ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal a realización, en exclusiva, dos servizos reservados establecidos no artigo 18.

*Artigo 26. Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal.*

1. Créase o Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, que ten como finalidade garanti-lo seu financiamento. Os activos en metálico procedentes das achegas que se establecen no artigo 27 integrarán este Fondo e depositaranse nunha conta, para tal efecto. Os gastos de xestión da conta serán por conta desta.

Na conta á que se refire o parágrafo anterior poderán ingresarse aquelas contribucións que sexan realizadas por calquera persoa física ou xurídica que desexe contribuir, desinteresadamente, ó financiamento do servizo postal universal.

O Ministerio de Fomento designará, entre os seus órganos, o encargado da xestión deste Fondo. O órgano designado deberalle transferir ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal a cantidade que resulte do cálculo do custo neto que se derive daquela, de acordo co establecido no Plan de

prestación do servizo postal universal, ó que se refire o artigo 20.

Para estes efectos, no Plan de prestación do servizo postal universal determinaranse os criterios que deberán tomarse en consideración para a fixación da contribución pública ó Fondo, entre os que se incluírán os prezos e tarifas que deberán satisfacer os usuarios dos servizos, o cumprimento dos parámetros de calidade ós que se refire o artigo 17.2, a eficacia na xestión do operador e as cargas impostas a este.

O Ministerio de Fomento deberá determina-lo custo neto da prestación do servizo postal universal, logo da auditoría das contas do operador ó que se lle encomenda esta, polo órgano competente da Administración ou pola entidade que se designe.

Tanto o resultado do cálculo do custo neto da prestación do servizo postal universal como as conclusións da auditoría poranse á disposición dos operadores postais que contribúan ó financiamento do servizo postal universal, logo da solicitude destes, nos termos que se establezan regulamentariamente e garantindo, en todo caso, o segredo comercial e industrial.

Reglamentariamente, determinarase a estrutura, a organización e os mecanismos de control do Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, así como a forma e os prazos en que se realizarán as contribucións a este.

O Ministerio de Fomento elaborará un informe anual sobre os ingresos e gastos do Fondo de Compensación, que será elevado á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Para estes efectos, o citado ministerio poderá requirir dos operadores postais toda a información que coide necesaria.

2. As contribucións para o financiamento do custo neto realizaranas os operadores postais que estean obrigados ó pagamento das taxas que se regulan no capítulo V deste título, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e non-discriminación, sen prexuízo do disposto no artigo 28.

*Artigo 27. Financiamento do Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal.*

O Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, que se crea no artigo anterior, nutrirase das seguintes contribucións:

- a) Os ingresos derivados das taxas que se establecen na sección III do capítulo V deste título.
- b) Os ingresos derivados do financiamento procedente dos orzamentos xerais do Estado, nos termos que se establecen no artigo seguinte.
- c) As doazóns ordinarias realizadas por calquera persoa física ou xurídica que desexe contribuir ó financiamento do servizo postal universal.

*Artigo 28. Financiamento complementario polo Estado.*

De acordo co establecido na letra b) do artigo anterior, o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, ó que se refire o artigo 20, determinará un procedemento de financiamento público para o suposto en que a prestación do servizo postal universal supoña unha carga financeira para o operador, non compensada a través das contrapartidas que se establecen nos artigos 25 e 27.a) deste capítulo.

Para estes efectos, o Plan de prestación do servizo postal universal determinará a consignación anual que deba recollerse nos orzamentos xerais do Estado polo



importe da carga financeira non compensada mediante as contrapartidas ás que se refire o parágrafo anterior. Así mesmo, a dita consignación deberá figurar no contrato-programa que se celebre entre o Estado e o operador.

## CAPÍTULO V

### Obrigas de carácter económico

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> SEPARACIÓN DE CONTAS

##### Artigo 29. *Obriga de separación de contas.*

O operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá levar unha contabilidade analítica, debidamente auditada. Existirán contas separadas, como mínimo, para cada servizo reservado e para os servizos non reservados. As contas relativas ós servizos non reservados deberán establecer unha distinción clara entre os servizos que forman parte do servizo universal e os que non están incluídos dentro deste.

Por orde do Ministerio de Fomento estableceranse os termos, o alcance e as condicións en que deba producirse a separación de contas e os supostos en que aquel lles poderá requirir ós titulares de autorizacións administrativas singulars información sobre a súa actividade financeira, incluídas auditorías. Fixaranse, tamén, a forma e os supostos nos que poderán subministrarse a terceiros, incluída a Comisión da Unión Europea, garantindo a confidencialidade dos datos e o segredo comercial e industrial.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TARIFAS E PREZOS

##### Artigo 30. *Tarifas.*

1. As tarifas ás que se refire este artigo teñen a natureza xurídica de taxas e estarán destinadas directamente a cubri-las necesidades de xestión do operador que presta o servizo postal universal. A xestión e recadación destas taxas corresponderalle á entidade habilitada.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos postais reservados que se enumeran no número 4 deste artigo.

O devengo da taxa producirase cando se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade sen prexuízo da posibilidade de esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial, cando o pagamento non se efectúe mediante efectos timbrados.

Estarán obrigados ó pagamento da taxa as persoas a prol das cales se realice a prestación dos servizos que se enumeran nas tarifas.

2. Só por lei poderán modificarse os parámetros, os elementos de cuantificación e a porcentaxe máxima de bonificacións que se indican neste artigo e establecerse coeficientes de actualización das contías das taxas. A modificación das contías fixas resultantes da aplicación dos parámetros e elementos de cuantificación a que se refire este artigo poderán efectuarse mediante orde ministerial.

As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no parágrafo anterior deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa, deberán ir acompañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor do recurso ou actividade de que se trate e sobre a xustificación da contía da taxa proposta. A contía deberá

axustarse ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. A falta deste requisito determinará a nulidade de pleno dereito da disposición.

3. Poderanse aplicar bonificacións de ata un máximo do 50 por 100 do importe das tarifas ós usuarios, sempre que a cantidade efectivamente satisfeita cubra suficientemente o custo dos servizos afectados. Estas bonificacións concederanse en función do volume dos envíos que entregue un mesmo usuario e do aforro que supoña para a entidade pública empresarial Correos e Telégrafos a composición dos destinos, ou o que, de forma previa ó seu transporte ou distribución, aquel os clasifique e ordene, ou os deposite en determinados lugares de admisión.

4. Para os efectos do previsto no número anterior consideraranse, de se-lo caso, como parámetros e elementos de cuantificación para cada unha das tarifas os seguintes:

A) Para a tarifa primeira, relativa a servizos postais que teñan por obxecto cartas e tarxetas postais, no ámbito reservado:

- a) O peso.
- b) As dimensións.
- c) O prazo de entrega.
- d) A forma de transporte.
- e) O ámbito de circulación.

B) Para a tarifa segunda, sobre servizos relativos ás modalidades de curso ordinario e entrega dos envíos ós que se refire a tarifa precedente:

- a) A circunstancia de se-lo envío certificado.
- b) Os envíos mediante valor declarado.
- c) Tratarse de entrega no domicilio.
- d) A circunstancia de ser entrega en lista.
- e) O envío con xustificante de recepción.
- f) O envío con aviso de recibo.
- g) A entrega para almacenaxe.
- h) A entrega en apartados.
- i) A petición de devolución.
- j) A reexpedición ou o cambio de enderezo.
- k) A contabilización para a devolución do franqueo satisfeito, non utilizado por causas imputables ó interesado.

l) A insuficiencia de franqueo, de conformidade co custo de cada modalidade.

C) Para a tarifa terceira, que afecta ó xiro postal:

Xiros nacionais: ademais dunha cantidade fixa, unha porcentaxe sobre a cantidade xirada, segundo modalidades de pagamento, de admisión e de entrega, forma de expedición e número de palabras do texto ou mensaxe.

Xiros internacionais: ademais dunha cantidade fixa, unha porcentaxe sobre a cantidade xirada, segundo o país de destino.

D) Para a tarifa cuarta, sobre certificacións relativas á prestación de servizos incluídos no servizo postal universal reservado, tomarase en conta a expedición da certificación.

5. Estarán exentos do pagamento de tarifas pola prestación do servizo postal universal reservado:

- a) Os remitentes de cecogramas.
- b) Os remitentes de envíos ós que a Unión Postal Universal lles confira tal dereito, co alcance establecido nos instrumentos internacionais ratificados por España.

**Artigo 31. Prezos dos servicios postais non reservados.**

Os prezos dos servicios postais non reservados, que leve a cabo o operador ó que se lle encomenda a prestación do servicio postal universal e calquera outro operador en competencia, serán fixados libremente de acordo coas regras do mercado.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, para os servicios incluídos no ámbito do servicio postal universal que preste o operador ó que se lle encomenda, o Ministerio de Fomento poderá fixar prezos máximos que, en calquera caso, deberán axustarse ós principios de prezo asequible, orientación a custos e non-discriminación e serán únicos para todo o territorio nacional. Así mesmo, o Goberno poderá fixa-los criterios para a determinación dos prezos dos servicios incluídos no servicio postal universal. Estes criterios deberán garantir que os prezos que se establezan sexan asequibles.

Os descontos e mailas bonificacións que se efectúen en relación cos prezos dos servicios englobados no servicio postal universal deberán respecta-lo carácter accesible dos que se fixen, con carácter xeral, para tódolos usuarios. A fixación farase en función de condicións obxectivas, tanto de calidade técnica como económicas, e non discriminatorias, sen prexuízo do disposto nos artigos 15 e seguintes desta lei.

Os operadores ós que se refire este artigo deberánlle comunicar ó Ministerio de Fomento calquera modificación nos prezos con quince días de antelación á súa aplicación. Así mesmo, deberánlle comunicar ás asociacións de consumidores e usuarios legalmente constituídas.

**Artigo 32. Sistemas de pagamento.**

1. O franqueo é unha das formas de pagamento dos servicios postais ó prestador do servicio postal universal, consistente no aboamento das tarifas ou os prezos mediante selos de correos.

Regulamentariamente, estableceranse os sistemas de franqueo e poderán preverse outros medios de pagamento alternativos, tales como o franqueo mecánico, os carimbos, o franqueo pago ou calquera outro sistema de pagamento concertado.

2. Os servicios postais que preste o operador ó que se refire o número 1 deste artigo non incluídos nos reservados dentro do servicio postal universal poderán pagarse, ademais de mediante selos de correos, segundo as estipulacións do oportuno contrato, mediante calquera outro medio de pagamento admitido en dereito.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> TAXAS POSTAIS****Artigo 33. Taxa de contribución ó financiamento do servicio postal universal.**

Os titulares de autorizacións administrativas singulares para a prestación de servicios postais estarán obrigados a satisfacerlle á Administración xeral do Estado unha taxa anual que estará destinada a financia-los gastos que ocasione a prestación do servicio postal universal.

O tipo da dita taxa oscilará entre o 1 por 1.000 e o 1 por 100 dos ingresos anuais brutos de explotación que obteña o titular, en función da contía destes e de acordo coa escala que regulamentariamente se determine, sempre que o importe da recadación que a Administración obteña non supere o 20 por 100 do déficit anual que o operador ó que se lle encomenda levar a cabo o servicio postal universal lle supoña a prestación

dese servicio. No suposto de que se exceda o citado límite de financiamento do déficit, o Goberno minorará, proporcionalmente, os tipos para o cálculo do importe da taxa, co obxecto de evita-lo exceso.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico establecerá, no suposto de que os ingresos obtidos pola Administración o ano anterior fosen superiores ó 20 por 100 do déficit do operador ó que se lle encomenda presta-lo servicio postal universal, a correspondente redución do tipo fixado no parágrafo anterior. En tal caso, a diferenza entre os ingresos previstos e os realmente obtidos será tida en conta, para os efectos de reduci-la porcentaxe que se vaia fixar para o ano seguinte.

Enténdese por ingresos brutos de explotación o conxunto de ingresos obtidos polo titular da autorización administrativa, derivados da prestación dos servicios postais incluídos no ámbito do servicio postal universal.

A taxa devengarase con carácter anual. O procedemento para a súa exacción establecerase por norma regulamentaria.

En todo caso, esta taxa rexerese polo disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

**Artigo 34. Taxa polo outorgamento de autorizacións administrativas singulares.**

1. Créase a taxa polo outorgamento de autorizacións administrativas singulares. A taxa será de aplicación en todo o territorio español.

2. A taxa regulada neste artigo rexerese polo establecido na presente lei, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e, no seu defecto, pola Lei xeral tributaria e demais disposicións aplicables.

3. Constitúe o feito impoñible da taxa o outorgamento de autorizacións administrativas singulares para a prestación de servicios postais. O procedemento para a exacción da taxa establecerase regulamentariamente.

4. Será suxeito pasivo da taxa a persoa natural ou xurídica que solicite a autorización administrativa singular a que se refire o artigo 11.

5. A cota que se ingresará en concepto da taxa será de 100.000 pesetas para cada tipo de servicio se o ámbito da súa prestación é urbano e 200.000 pesetas se o ámbito é interurbano ou internacional. Sen prexuízo disto, a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio actualizará ese importe.

6. O devengo producirase na data de presentación da solicitude para a obtención dunha autorización administrativa singular para a prestación de servicios postais.

**Artigo 35. Taxa por expedición de certificacións rexistradas.**

A expedición de certificacións rexistradas dará dereito á percepción dunha taxa compensatoria do custo dos trámites e actuacións administrativos necesarios. O importe da dita taxa será de 10.000 pesetas e estará obrigado ó seu aboamento quen solicite a certificación. A Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio actualizará tal importe.

**TÍTULO IV****A Administración postal****Artigo 36. Competencias do Estado.**

De conformidade co disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, a Administración xeral do Estado exerce

as competencias en materia de servizos postais que se establecen na presente lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

**Artigo 37. *Facultades do Goberno e do Ministerio de Fomento.***

1. Correspóndelle ó Goberno elabora-las previsións para a ordenación e desenvolvemento do sector postal e, en particular, aproba-lo Plan de prestación do servizo postal universal ó que se refire o artigo 20.

2. O ministro de Fomento proporalle ó Goberno a política de desenvolvemento do servizo postal universal e asegurará a súa execución.

Igualmente, o Ministerio de Fomento, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, propondrá a política que se seguirá nas organizacións postais internacionais e nas relacións que se manteñan cos organismos e as entidades nacionais, en materia de comunicacións postais internacionais.

Correspóndelle, igualmente, ó Ministerio de Fomento, nos termos da presente lei, outorga-los títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais.

**Artigo 38. *Consello Asesor Postal.***

1. Créase o Consello Asesor Postal que, presidido polo ministro de Fomento ou a persoa na que el delegue, se constitúe como máximo órgano asesor do Goberno en materia de servizos postais.

2. As funcións do Consello serán de estudo, deliberación e proposta en materias relativas ós servizos postais e exerceranse de oficio ou por petición do Goberno.

O Consello informará, en todo caso e con carácter previo, sobre a modificación da contía das taxas previstas na presente lei.

3. O Goberno establecerá a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor Postal, e os seus membros representarán as administracións públicas, o operador prestador do servizo postal universal, os usuarios, as asociacións empresariais do sector e os sindicatos máis representativos dos traballadores neste.

## TÍTULO V

### Inspección e réxime sancionador

**Artigo 39. *Funcións inspectoras e réxime sancionador.***

1. Serán competencias do Ministerio de Fomento, a través da Secretaría Xeral de Comunicacións, a inspección dos servizos postais que se regulan na presente lei e a aplicación do réxime sancionador.

2. Os funcionarios do Ministerio de Fomento encargados da inspección postal terán, no exercicio das súas competencias, a consideración de autoridade pública e poderán solicitar, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio necesario dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Os titulares ou responsables dos servizos ou actividades ós que se refire esta lei estarán obrigados a facilitarlle ó persoal da inspección no exercicio das súas funcións o acceso ás súas instalacións, ós elementos afectos ós seus servizos ou actividades e a cantos documentos estean obrigados a conservar.

**Artigo 40. *Persoas responsables.***

1. A responsabilidade administrativa polo incumprimento das normas de ordenación dos servizos postais será esixible:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da prestación de servizos ó abeiro do correspondente título habilitante, á persoa física ou xurídica titular deste.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión da prestación de servizos sen o correspondente título habilitante, cando este sexa legalmente esixible, á persoa física ou xurídica que realice a actividade e, subsidiariamente, á que teña a dispoñibilidade dos equipos ou instalacións ou estea en posesión dos envíos postais.

c) Nos demais casos, ás persoas físicas ou xurídicas que incorran nos feitos tipificados como infracción.

2. Das infraccións cometidas na prestación de servizos postais utilizando unha determinada marca comercial responderá, con carácter solidario, o seu propietario se se aprecia unha actuación concertada entre el e o infractor.

**Artigo 41. *Clases de infraccións.***

1. As infraccións ás normas de ordenación dos servizos postais clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Considéranse infraccións moi graves:

a) O incumprimento das condicións establecidas para a prestación do servizo postal universal que faga que este resulte gravemente comprometido.

b) A realización de servizos postais reservados ó operador prestador do servizo postal universal sen a súa autorización, pondo en perigo a prestación deste.

c) A prestación de servizos postais en réxime de libre concorrencia sen contar co título habilitante legalmente esixible ou a prestación de servizos distintos dos autorizados, con grave prexuízo para o servizo postal universal.

d) O incumprimento das obrigas que constitúan o orzamento para o outorgamento dos títulos habilitantes dos servizos postais, cando afecte gravemente os requisitos esenciais ós que se refiren os artigos 9.3 e 12 ou prexudique substancialmente a prestación do servizo postal universal.

e) A violación grave do réxime dos dereitos especiais ou exclusivos concedidos ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

f) A recepción de correspondencia incluída no ámbito de reserva a que se refire o artigo 18, seguida da súa entrega a persoas ou entidades alleas á entidade á que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal, cando poida prexudicar gravemente a este.

g) A negativa a ser inspeccionado e a obstrución ou resistencia á actividade inspectora da Administración.

h) A utilización de signos identificativos que induzan a confusión con aqueles con uso reservado ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo universal, por operadores distintos a este. Inclúese neste suposto o emprego de rótulos, anuncios, emblemas, selos con data ou impresos que poidan inducir a confusión cos que emprega o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

i) A actuación destinada a ocasionar fraude no franqueo, cando prexudique gravemente a prestación do servizo postal universal.

j) A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións graves.

### 3. Considéranse infraccións graves:

- a) As establecidas nas letras a) a i) do número 2 deste artigo, cando non se dean as circunstancias que permitan cualifica-la infracción como moi grave.
- b) A simple oferta ó público da prestación de servizos postais reservados.
- c) A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións leves.

### 4. Considéranse infraccións leves:

- a) A negativa a facilitar ou comunicar, fidedignamente e no prazo concedido para o efecto, os datos requiridos pola Administración, cando deban ser exhibidos ou facilitados, conforme o previsto pola normativa reguladora dos servizos postais.
- b) O incumprimento polo operador das regras previstas na normativa sobre consumidores e usuarios, no trato que se lles dea a estes últimos.
- c) Calquera outro incumprimento das obrigas impostas ós operadores ou ós usuarios pola normativa postal vixente para garanti-la correcta prestación dos servizos postais ós operadores ou ós usuarios, salvo que deba ser considerado como infracción moi grave ou grave, de conformidade co establecido nos números 2 e 3 deste artigo.

#### Artigo 42. Sancións.

1. As infraccións leves sancionaranse con multa de 25.000 ata 1.000.000 de pesetas, as graves con multa de 1.000.001 ata 10.000.000 de pesetas e as moi graves con multa de 10.000.001 ata 50.000.000 de pesetas.

En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase de acordo cos criterios establecidos no número 3 do artigo 131 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tendo en conta as características peculiares da actividade de que se trate e a súa repercusión social ou económica. Non obstante, non será de aplicación o previsto na letra c) do citado artigo 131.3, cando se dean os supostos previstos na letra j) do número 2 e na letra c) do número 3 do artigo anterior.

2. As sancións impostas por calquera das infraccións recollidas no artigo 41, cando a actividade constitutiva da infracción requira autorización administrativa para o seu exercicio, poderán levar emparelladas, como sancións accesorias, o precintado, a incautación dos equipos ou vehículos ou a clausura das instalacións, en tanto non se dispoña do oportuno título habilitante.

3. As infraccións moi graves, atendendo ás circunstancias que concorran na súa comisión, poderán dar lugar á revogación da autorización administrativa para a prestación do servizo polo infractor.

4. Facúltase o Goberno para que, mediante real decreto, actualice a contía das sancións previstas, en función das modificacións que experimente o índice de prezos ó consumo.

5. A sanción firme pola infracción tipificada no artigo 41.2.b) levará consigo, desde que se produza, a inhabilitación do infractor para o exercicio da actividade postal polo prazo de dous anos.

#### Artigo 43. Medidas cautelares.

1. As infraccións a que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á adopción de medidas provisionais.

De conformidade co previsto nos artigos 72 e 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver poderá adoptar, en calquera momento e mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegura-la eficacia da resolución que puidera recaer, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e salvagarda-los intereses xerais.

Cando así veña esixido por razóns de urxencia inaprazable, o órgano competente para inicia-lo procedemento ou o instructor poderán adoptar-las medidas provisionais que resulten necesarias.

2. As medidas de carácter provisional poderán consistir na detención dos envíos postais para o seu exame, na clausura das instalacións nas que se veñan exercendo as actividades ou no precintado dos medios utilizados, durante o prazo máximo dun ano. Cando o suxeito incurso no procedemento careza do correspondente título habilitante manteranse as medidas provisionais relativas á clausura e precintado de instalacións e medios ata a terminación do procedemento. En todo caso, as medidas de carácter provisional deberán adecuarse ós obxectivos que se pretendan garantir mediante a súa adopción.

#### Artigo 44. Indemnización de danos e perdas.

A potestade sancionadora regulada neste título exercerase sen prexuízo dos dereitos a ser indemnizado que lle poidan corresponder ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal.

#### Artigo 45. Procedemento para a imposición de sancións.

O procedemento para o exercicio da potestade sancionadora rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, será de aplicación o regulamento que, en desenvolvemento dela, regule o referido procedemento.

#### Artigo 46. Prescrición.

As infraccións reguladas nesta lei prescribirán, as moi graves, ós tres anos; as graves, ós dous anos, e as leves, ós seis meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometeu. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e continuará o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a correr desde o momento da finalización da actividade ou desde o último acto co que a infracción se consuma.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos; as impostas por faltas graves, ós dous anos, e as impostas por faltas leves, ó ano. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoñan. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá a transcorre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

#### Artigo 47. *Competencia sancionadora.*

A competencia para a imposición das sancións corresponderalle:

Ó secretario xeral de Comunicacions para as infraccións graves e moi graves.

Ó subdirector xeral de Coordinación e de Ordenación das Comunicacions ou ó órgano de rango similar ó que se lle atribúan as competencias en materia postal dentro da Secretaría Xeral de Comunicacions, para as infraccións leves.

Contra as súas resolucións procederá recurso contencioso-administrativo.

#### Disposición adicional primeira. *Operador habilitado para a prestación do servizo postal universal.*

Atribúeselle a obriga de presta-lo servizo postal universal, nos termos, condicións e coas prestacións establecidas no título III desta lei, á entidade pública empresarial Correos e Telégrafos. Para estes efectos quedan reservados á dita entidade os servizos que se establecen no artigo 18 e asígnanselle, así mesmo, os dereitos especiais e exclusivos que se recollen no artigo 19.

#### Disposición adicional segunda. *A emisión e distribución de selos e demais signos de franqueo.*

A emisión de selos de correo e demais signos de franqueo será proposta polo operador que presta o servizo postal universal e autorizada, conxuntamente, polos Ministerios de Fomento e de Economía e Facenda. Para tal efecto, as emisións acomodaránse ó que dispoñan, mediante resolución conxunta, o secretario xeral de Comunicacions e o subsecretario de Economía e Facenda.

#### Disposición adicional terceira. *Nomeamento de carteiros honorarios da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.*

O director xeral da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos poderá nomear carteiros honorarios entre aquelas persoas que destacasen no apoio ó servizo postal.

O nomeamento como carteiro honorario levará empallado o tratamento e as consideracións que se determinen regulamentariamente.

#### Disposición adicional cuarta. *Contribución do operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal ó seu financiamento.*

Na prestación dos servizos non reservados ó operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal, este estará obrigado ó pagamento do importe da taxa á que se refire o artigo 33 desta lei nos mesmos termos en que o estean os titulares de autorizacións administrativas singulares ós que se refire o dito artigo.

O pagamento do importe desta taxa polo operador ó que se lle encomenda a prestación de servizo postal universal poderá substituírse pola súa compensación, se proceder.

#### Disposición adicional quinta. *Réxime interno aplicable á entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.*

1. A entidade pública empresarial dispón de autonomía para a dirección do seu persoal, a determinación

da súa estrutura organizativa e a fixación do seu réxime retributivo, deixando a salvo as competencias atribuídas ós Ministerios das Administracións Públicas e de Economía e Facenda pola lexislación xeral da función pública e organización administrativa.

2. A contratación da entidade rexeráse polo dereito privado e levaráse a cabo de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e salvagarda dos seus intereses. Isto enténdese sen prexuízo das funcións de coordinación que, en materia de subministracións informáticas, poidan corresponderlles ós órganos da Administración do Estado.

#### Disposición transitoria primeira. *Dereitos existentes no momento da entrada en vigor desta lei.*

1. A entidade pública empresarial Correos e Telégrafos poderá, durante un ano contado desde a entrada en vigor desta lei, seguir prestando os servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal que viñese realizando con anterioridade. No dito prazo deberá solicitarlos correspondentes títulos habilitantes que, de se-lo caso, sexan necesarios para a prestación dos servizos, de acordo co disposto nesta lei.

Para as tarifas que a citada entidade pública cobre polos servizos de telegramas, radiotelegramas, télex, fonotélex e télex-cabina pública continuará en vigor o seu actual réxime regulador, mentres non se aprobe o regulamento ó que se refire o artigo 40.3 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

2. Ás entidades que dispoñan de título habilitante para a prestación de servizos ou operacións postais, ó abeiro da normativa anterior á entrada en vigor desta lei, garáteselle-la posibilidade de continuar prestandoos durante o prazo dun ano desde que esta se produza, debendo solicitar, nos tres primeiros meses do dito prazo, ó órgano competente a transformación do seu título no que lles sexa esixible, de acordo coa nova normativa.

Enténdese que se producen as circunstancias para a conversión cando, consonte o previsto no título II, se dean as precisas para o outorgamento do oportuno título habilitante no que se desexa transforma-lo existente.

Respecto dos demais servizos que poidan desenvolver de acordo con esta lei e, de se-lo caso, dos que se liberalicen no futuro, conforme o artigo 18.2, deberán obte-lo correspondente título habilitante que se lles outorgará se acreditan o cumprimento das normas que lles resulten aplicables.

3. As entidades que antes da entrada en vigor desta lei viñesen prestando servizos postais non reservados, sen ter obtido o correspondente título habilitante, poderán continuar realizando esta actividade nos termos que se establecen na presente disposición transitoria.

Para demostrar que se encontran efectivamente prestando estes servizos, os interesados deberán solicitar unha inspección do Ministerio de Fomento no prazo de trinta días a partir da entrada en vigor desta lei.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, os titulares dos servizos ós que se refire este número deberán solicitar do órgano competente do Ministerio de Fomento o correspondente título habilitante, de acordo co establecido nela, xuntándolle á solicitude a acreditación de ter solicitada a inspección do servizo.

No prazo de seis meses desde a presentación da solicitude a que se refire o parágrafo anterior, o órgano competente do Ministerio de Fomento deberá dictar unha resolución na que outorgue, se procede, o corres-

pondente título habilitante para a realización dos servizos non reservados incluídos no ámbito do servizo postal universal e para a dos servizos non incluídos neste último. Se no prazo máximo previsto para resolver non se dictase resolución, o interesado poderá solicitar a certificación de acto presunto, conforme o artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A non presentación, en prazo, ó Ministerio de Fomento da citada solicitude, a non acreditación de estar efectivamente prestando o servizo ou a non obtención do título correspondente, deixará sen amparo xurídico a quen realice actividades postais e, fronte a el, poderá incoarse expediente sancionador por carecer de título habilitante, de conformidade co establecido nesta lei.

4. Os títulos habilitantes obtidos en virtude desta disposición transitoria e que se outorguen con anterioridade á aprobación das normas de desenvolvemento desta lei terán carácter provisional ata transcorridos tres meses desde a aprobación daquelas, nos termos que nelas se establezan e a súa obtención non presupón o dereito a obter un título definitivo. Este, se se outorgar, deberá, en todo caso, aterse ás obrigas impostas nas citadas normas de desenvolvemento.

*Disposición transitoria segunda. Contabilidade do operador encargado da prestación do servizo postal universal e dos demais operadores postais.*

1. De conformidade co establecido no artigo 29, no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da presente lei, o operador ó que se lle encomenda a prestación do servizo postal universal deberá dispor dunha contabilidade analítica, debidamente auditada, que permita coñecer-lo custo deste e, de se-lo caso, dos servizos obrigatorios a que se refire a disposición adicional segunda. A contabilidade analítica axustarase ó que se dispoña regulamentariamente, de acordo co establecido no artigo 14 da Directiva 67/97/CE, do Parlamento Europeo, e do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa ás normas comúns para o desenvolvemento do mercado interior dos servizos postais da Comunidade e a mellora da calidade do servizo.

2. Ata que se cumpra o prazo para a adopción da contabilidade analítica, á que se refire o número anterior, ós usuarios que teñan dereito á obtención das bonificacións que se establecen no artigo 30 poderánselles seguir aplicando as mesmas sen cumprilos requisitos que sobre adaptación a custos se establecen nesta lei.

3. Os operadores que, ademais de realizaren outras actividades, presten servizos postais, deberán levar unha contabilidade separada, respecto dos ingresos e gastos que deles se deriven, no prazo máximo de dous anos, contados desde a entrada en vigor desta lei.

*Disposición transitoria terceira. Distribución de selos de correos por «Tabacalera, Sociedad Anónima».*

A distribución por xunto dos selos de correos continuaraa realizando «Tabacalera, Sociedad Anónima», durante o prazo de catro anos contados a partir da data da entrada en vigor da presente lei. Transcorrido tal prazo, a referida distribución poderaa levar a cabo sen necesidade de ningunha formalidade calquera persoa ou entidade habilitadas para o efecto.

Ata que remate o prazo establecido no parágrafo anterior, a venda directa de selos nas oficinas da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos non devengará

comisión ningunha en favor de «Tabacalera, Sociedad Anónima».

En calquera caso, quen resulte adxudicatario do contrato de distribución por xunto dos selos estará obrigado a garanti-la súa subministración ós habilitados para a súa venda ó público.

*Disposición transitoria cuarta. Sistemas de franqueo.*

1. Os sistemas de franqueo vixentes no data de publicación da presente lei poderán continuar empregándose ata a aprobación do regulamento previsto no artigo 32.

2. As autorizacións para a utilización dos sistemas de franqueo vixentes manterán a súa validez durante o prazo dun ano desde a aprobación do referido regulamento. Transcorrido ese prazo, os seus titulares deberán solicitar-lo título habilitante correspondente.

O Goberno determinará por real decreto os sistemas de franqueo.

*Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio dos selos de correos.*

Mentres non se aprobe o regulamento ó que se refire o artigo 19.2.d), seguirá en vigor a normativa específica que regula o réxime dos selos de correos e signos distintivos, no que non se opoña ó previsto nesta lei.

*Disposición transitoria sexta. Vixencia do réxime de tarifas establecido con anterioridade á entrada en vigor da lei.*

Mentres non se produzan as modificacións das contías fixas das taxas, de conformidade co previsto no número 2 do artigo 30, continuarán sendo esixibles as que o sexan consonte as normas vixentes antes da entrada en vigor desta lei.

*Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

A Lei do 1 de xuño de 1909, de reorganización dos servizos de correos e telégrafos.

A Lei do 22 de decembro de 1953, de reorganización de correos.

2. Quedan igualmente derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango a esta lei se opoñan ó establecido nela.

*Disposición derradeira primeira. Competencia do Estado.*

A presente lei díctase no exercicio da competencia exclusiva que lle corresponde ó Estado, de acordo co artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

*Disposición derradeira segunda. Plan de prestación do servizo postal universal.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o ministro de Fomento, logo do informe do Consello Asesor Postal, proporalle ó Consello de Ministros, para a súa aprobación, o Plan de prestación do servizo postal universal, ó que se refire o artigo 20.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ó Goberno.*

1. Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o ministro de Fomento elevaralle ó Consello de Ministros, para a súa aprobación mediante real decreto, o proxecto de Regulamento de prestación dos servizos postais. Este regulamento recollerá as normas de carácter regulamentario vixentes ata a entrada en vigor desta lei no que non se opoñan ó establecido nela.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**16714** *LEI 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. («BOE» 167, do 14-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, do 14 de decembro, declarou a inconstitucionalidade dos parágrafos a) e b) do artigo 24 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como de certas expresións contidas no parágrafo c) dese artigo, cos efectos que se indican no fundamento décimo da propia sentenza.

Para o Tribunal Constitucional, a categoría dos prezos públicos, tal e como se regulan pola Lei 8/1989, do 13 de abril, deben cumprir simultaneamente dous requisitos: que o suposto de feito que dea lugar a eles se realice en forma libre e espontánea ou, o que é o mesmo, que a solicitude do servizo ou da actividade administrativa sexa unha manifestación real e efectiva de vontade por parte do interesado e que o dito servizo ou actividade non sexa prestado polos entes de dereito público en situación de monopolio de feito ou de dereito.

De non concorreren ámbalas circunstancias, tales prezos públicos, en canto que son coactivos para os interesados, revisten a natureza de prestacións patrimoniais de carácter público, e a súa constitucionalidade depende do respecto ó principio de legalidade.

Considerando non concorrentes tales caracteres delimitadores nos prezos públicos previstos na Lei de taxas e prezos públicos pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público, así como polas prestacións de servizos e entregas de bens accesorias a elas, efectuadas polos servizos públicos postais, o Tri-

bunal Constitucional conclúe que ámbolos prezos públicos, en canto tales, vulneran o principio de reserva de lei e, xa que logo, declara a súa inconstitucionalidade. Esta declaración de inconstitucionalidade atinxe todos aqueles outros prezos públicos que non reúnan de forma simultánea as dúas características delimitadoras antes sinaladas.

O Real decreto-lei 2/1996, do 26 de xaneiro, en función das consideracións anteriores, dotou de cobertura legal, con carácter inmediato e provisional, a aqueles prezos públicos que, nados ó abeiro da Lei 8/1989 e afectados pola sentenza do Tribunal Constitucional, se debían configurar como prestacións patrimoniais de carácter público.

Así mesmo, o Goberno, no prazo de seis meses, debía-lles remitir ás Cortes o correspondente proxecto de Lei de reordenación da regulación das prestacións patrimoniais afectadas pola sentenza do Tribunal Constitucional, prazo que quedou prorrogado polo Real decreto-lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Con posterioridade, a Lei orgánica 3/1996, do 27 de decembro, de modificación parcial da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, achegou un novo concepto de taxa no ámbito de actuación destas, ó cal se debe adapta-la propia Lei de taxas e prezos públicos e a Lei xeral tributaria, con obxecto de coordina-la actuación das distintas administracións públicas.

Como consecuencia da nova definición de taxa que se establece na presente lei e da doutrina do Tribunal Constitucional en canto ó principio de reserva de lei en materia tributaria, débese proceder a reordenar e a regular as diferentes prestacións patrimoniais de carácter público que actualmente veñen xestionando a Administración xeral do Estado e os seus entes públicos, configurando os elementos esenciais da súa, en ocasións, nova e, noutras, recuperada natureza xurídica de taxa e iso sen prexuízo, consonte a doutrina citada e as peculiaridades deste tipo de tributos, de que a lei conteña remisións a normas regulamentarias infraordenadas ós criterios ou límites prefixados na propia lei.

Por último, a presente lei aborda tamén unha solución idéntica no ámbito das facendas locais, xa que se ben a sentenza 185/1995, do 14 de decembro, se circunscribe ó contido da Lei 8/1989 en materia de prezos públicos establecidos pola Administración estatal, sen ningún pronunciamento respecto á normativa vixente sobre prezos públicos locais recollida na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na medida en que, por unha banda, uns e outros prezos participan do mesmo fundamento e, por outra, a nova delimitación que do concepto de taxa fai a lei inspírase nos pronunciamentos desta sentenza, parece conveniente modificar tamén a regulación das taxas e dos prezos públicos locais para os adaptar á configuración que se establece no ámbito estatal.

#### TÍTULO PRELIMINAR

##### Modificación da Lei xeral tributaria e da Lei de taxas e prezos públicos

Artigo 1. *Modificación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

Modifícase a alínea a) do número 1) do artigo 26 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, que queda redactada nos termos seguintes: